

SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE FOMENTO DA REHABILITACIÓN EDIFICATORIA PLAN ESTATAL 2013–2016

Bases reguladoras das subvencións do Programa de rehabilitación edificatoria previstas nesta convocatoria están aprobadas pola Orde do 10 de xullo de 2015, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 136, do 21 de xullo.

RESOLUCIÓN do 18 de marzo de 2016 pola que se convocan para o ano 2016 as subvencións do Programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160404/AnuncioG0423-220316-0004_gl.html

PRAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES: Dende o 05/04/2016 ata o 05/06/2016

FORMA DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES:

- Vía electrónica: <https://sede.xunta.es> (Require DNI electrónico, ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia)
- En soporte papel, utilizando o formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OBXETO DA AXUDA:

Esta resolución ten como obxecto convocar as subvencións do Programa de Rehabilitación Edificatoria para a anualidade de 2016, estas axudas están destinadas a subvencionar a realización de actuacións de rehabilitación que consisten na execucion de obras e traballos de mantemento e intervención nas instalacións fixas e no equipamento propio, así como nos elementos e espazos privativos común dos edificios de tipoloxía residencial colectiva que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que estean finalizados antes de 1981.
- b) Que, polo menos, o 70% da súa superficie construída sobre a rasante teña uso residencial.
- c) Que, polo menos, o 70% das súas vivendas constitúan o domicilio habitual das persoas moradoras.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Son subvencionables as actuacións dirixidas á conservación, á mellora da calidade e da sustentabilidade, así como á realización de axustes razoables en materia de accesibilidade, nos edificios de tipoloxía residencial colectiva.


PERSOAS BENEFICIARIAS

Comunidade de propietarios/as, as agrupacións de propietarios/as e as persoas propietarias únicas de edificios de vivendas.

CONTÍA DAS SUBVENCIONS

A contía máxima das subvencións que se van conceder por edificio non poderá superar o importe de multiplicar 11.000 euros por cada vivenda e por cada 100 m² de superficie útil de local, ou 12.100 euros cando se trate de edificios declarados ben de interese cultural.

A contía máxima das subvencións que se van conceder por edificio non poderá superar o 35 % do custo subvencionable da actuación. Non obstante, no caso de actuacións para a mellora da accesibilidade, e só na partida correspondente á accesibilidade, poderase chegar ao 50 %.



DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- a) Para o caso da persoa física solicitante, propietaria única do edificio, deberá xuntar a copia do seu DNI ou NIE, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta.
- b) De ser o caso, acreditación da representación da persoa que actúe no nome da persoa propietaria única do edificio.
- c) Acta de constitución da comunidade de propietarios/as ou do documento de constitución como agrupación de comunidades de propietarios/as.
- d) Certificado de quen exerza as funcións de secretario/a da comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as, no cal se recolla tanto o acordo de solicitar as axudas do Programa de rehabilitación edificatoria como o nomeamento da persoa que represente na tramitación do expediente a comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as, conforme o modelo que se xunta a esta resolución como anexo II.
- e) Copia do DNI ou NIE acreditativo da identidade do representante da persoa solicitante, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta.
- f) Anexo III debidamente cuberto, no cal se relacionan as vivendas e os locais do edificio e demais datos necesarios para a concesión da subvención.
- g) Relación das persoas propietarias das vivendas e dos locais do edificio partícipes nas actuacións de rehabilitación, conforme o anexo IV.
- h) As solicitudes relativas a obras de conservación deberán achegar o anexo V de declaración responsable da composición da unidade de convivencia.
- i) No suposto de que o edificio en que se proxecta realizar actuacións de accesibilidade e/ou mellora da calidade e sustentabilidade teña menos de oito vivendas e non se vaian acometer simultaneamente actuacións en materia de accesibilidade e/ou mellora da calidade e sustentabilidade e obras de conservación, deberase achegar, de ser o caso, conforme o anexo VI.
- j) Informe de avaliación do edificio en formato dixitalizado XML, cos contidos que figuran no anexo II do Plan estatal 2013-2016.
- k) Proxecto ou memoria das actuacións de rehabilitación que se van realizar, redactada por técnico/a competente.
- l) Proxecto ou memoria das actuacións de rehabilitación que se van realizar, redactada por técnico/a competente.
- m) No caso de edificios declarados bens de interese cultural (BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente, deberán presentar a documentación xustificativa destas circunstancias.